



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de novembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 7 de novembro de dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

Visto o expediente a nome de **CONCELLO DE RIBADAVIA**, con domicilio na Praza Maior s/n, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Antigo de San Cristovo, na obra “CONTORNO IGREXA DE SAN CRISTOVO”.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 16.156,24 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 13.146,28 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por **DONA CELSA FERREIRO VARELA en representación de AS CASIÑAS DO RIBEIRO S.L.**, con domicilio a



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

efectos de notificación na Praza Maior nº 11, baixo, en Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4075. A proposta da Concelleira de Urbanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 09.11.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Santiago nº 4, en Ribadavia, (Ref. Catastral 08236/21), a solicitude de **DONA CELSA FERREIRO VARELA en representación de AS CASIÑAS DO RIBEIRO S.L.**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMESTICO.-

1.-Visto o escrito presentado por **Dona Dolores Vázquez Guerrero**, con domicilio na Rúa Extramuros nº 62, 1º esq., en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Extramuros nº 64, 1º esq., a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 28.10.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.-Visto o escrito presentado por **AS CASIÑAS, S.L.**, con domicilio na Rúa Extramuros nº 64, 2º dta., en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 04.11.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

3.-Visto o escrito presentado por **AS CASIÑAS, S.L.**, con domicilio na Rúa Extramuros nº 64, 2º esq., en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 04.11.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

4.-Visto o escrito presentado por **CONSTRUCCIONES LOPEZ CARBALLAL**, con domicilio na Ctra. Francelos nº 70, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Tomas de Lemos nº 8, 2º, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 07.11.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

5.-Visto o escrito presentado por **Don Antonio López Miguez**, con domicilio en A VEIGA nº 18, en San Clodio, Leiro, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Piñeiral nº 16, 5º, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 07.11.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.-Visto o escrito presentado por ASESAVIE XESTIÓN, con domicilio na Rúa San Francisco nº 21, baixo, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o uso de local comercial, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 28.10.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.-Visto o escrito presentado por ENMA Y SARA S.C. (O BIRAN), con domicilio na Praza da Madalena nº 8, baixo, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o uso industrial, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 10.10.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 7 de novembro de 2011 Nº RE 5250, relativo a “Expediente de autorización para la ejecución del proyecto “Acondicionamiento de desovadoiros e refuxios de peixes na



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

bacia do río Miño” en dominio público hidráulico de varios ríos en los términos municipales de Allariz y otros (Ourense)”.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

EXPEDIENTE RIB/C/11.-

Por parte do Secretario dase conta do informe técnico emitido pola Arquitecto municipal de data 10 de novembro de 2011, relativo a expediente de reposición urbanística e actuacións seguidas coa Axencia de Protección da Legalidade urbanística.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do informe acordando mediante Resolución de Alcaldía adoptar as medidas necesarias para o restablecemento da legalidade urbanística.

NOMEAMENTO DE ABOGADO E PROCURADOR.-

Vista o Decreto da Deputación Provincial de Ourense de data 24.06.2011, relativa a expediente de compensación, por unanimidade dos presentes, a Xunta de Goberno Local, acorda:

- 1º.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o citado acordo.
- 2º.- Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado don Angel Pazos Huete e a Procuradora Doña Begoña Pérez Vázquez.
- 3º.- Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.”

APROBACION DE PADRON COBRATORIO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Padrón cobratorio da Taxa de Alcantarillado 2010, por importe de 47.225,52 euros.”

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, aproba-la memoria denominada "Grupo de Limpeza e Mantemento" ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 30 de decembro de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2011, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos Programas de Cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.